



**A Sociedade da Información e os
autónomos de Galicia. Edición 2013**

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	6
3. Caracterización dos autónomos galegos	8
4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos	12
5. Conclusións	41

1. INTRODUCCIÓN



Este estudo foi realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

Trátase do **primeiro estudo** realizado en Galicia neste colectivo no ámbito da Sociedade da Información, a partir de datos específicos facilitados polo Instituto Nacional de Estadística (INE), a través do Instituto Galego de Estatística (IGE).

O estudo permite comparar a situación dos autónomos/as galegos co resto de formas societarias e coa media global dos indicadores das microempresas.

OBXECTIVOS DO ESTUDO

- Caracterización dos autónomos/as galegos: actividade, provincia de ubicación, sexo do traballador/a,...
- Analizar en detalle información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:
 - Conexión a Internet de calidade
 - Optimización da xestión empresarial a través das TIC
 - Cloud Computing
 - Web e presenza nas redes sociais
 - Comercio electrónico
 - Interacción coas AA.PP. a través de Internet
- Ser un punto de partida para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos.

2. METODOLOGÍA



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

- A fonte de información empregada para realizar a caracterización dos autónomos galegos é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social
- A información relativa ao equipamento e uso das tecnoloxías no tecido empresarial galego procede da Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE.

Datos complementarios aos publicados polo INE

O Convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:


- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS



Segundo o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, autónomos/as son: “traballadores/as afiliados/as a algún dos rexímenes por conta propia da Seguridade Social, e que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias”.


O 31 de Decembro de 2013, segundo os datos de afiliación da Seguridade Social, existían en Galicia un total de 143.500 autónomos/as, distribuídos do seguinte xeito nas provincias galegas.



Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2013.

Os 143.500 autónomos galegos representan un 7,5% do total de 1.923.935 autónomos/as que hai en España.

Desde o ano 2008, vense producindo un descenso anual no número de autónomos/as en Galicia, aínda que este descenso foi menos acusado no período 2012 - 2013




Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Datos anuais do 4º trimestre 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.

O perfil do traballador/a autónomo galego é o dun varón entre 40 e 54 anos

Non obstante, cabe destacar a elevada porcentaxe de mulleres autónomas en Galicia, superando en 9,3 puntos porcentuais a media estatal de mulleres autónomas.


**AUTÓNOMOS SEGUNDO SEXO
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA**



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2013.

Non se observan diferenzas significativas respecto á idade entre os autónomos galegos e os de España en xeral. A media de idade segue situándose entre os 40 e 54 anos, con pouca presenza dos autónomos/as máis xóvenes.


**AUTÓNOMOS SEGUNDO GRUPOS DE IDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA**



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembre de 2013.

Ainda que, en termos globais, máis da metade dos autónomos/as galegos (58,7%) se inscribe no sector de Servizos, destaca a porcentaxe dos que se adican á Agricultura (25,8%), duplicando a porcentaxe de autónomos do resto do Estado neste sector de actividade.

**AUTÓNOMOS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA**




Fonte: *Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2013.*



O sector Servizos é a principal actividade para máis da metade dos autónomos/as galegos (58,7%), aínda que cun peso importante da Agricultura (25,8%).

4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS




4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

No ano 2013, un 61,6% dos autónomos galegos dispoñía de ordenador.


No último ano aumentou significativamente a porcentaxe de traballadores/as autónomos que dispoñen de ordenador (dun 49,6% pasou a un 61,6%, 12 puntos porcentuais máis que no ano 2012).

ORDENADOR SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013



A pesar deste incremento considerable na dispoñibilidade de ordenador entre os autónomos/as, aínda está 26,2 puntos por baixo da porcentaxe que rexistran as sociedades. Non obstante, a tendencia é positiva xa que a fenda entre autónomos/as e sociedade reduciuse en 6,5 puntos porcentuais.

REDE DE ÁREA LOCAL (LAN) SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013




O equipamento de rede de Área Local (LAN) aínda é reducido, situándose no 2013 no 10,3%.

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE




O uso do correo electrónico entre os autónomos/as incrementouse 9,5 puntos respecto ao ano anterior. Máis da metade dos autónomos/as galegos (51,3%) emprega o e-mail para uso empresarial pero a fenda existente coas formas societarias é de 30 puntos porcentuais.

**CORREO ELECTRÓNICO (e-mail)
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2012- 2013**



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

En relación ao emprego do ordenador, ao redor da metade dos autónomos/as fan uso dos ordenadores, alo menos unha vez por semana. As tecnoloxías de mobilidade son incipientes neste colectivo xa que só o 6% do persoal conta cun dispositivo portátil que permite a conexión móbil a Internet para uso empresarial.




* Non contempla aqueles dispositivos que só sexan utilizados vía wifi e non vía redes de telefonía móbil pagadas parcialmente ou na súa totalidade pola empresa.

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

**PERSOAL QUE TRABALLA FÓRA DOS LOCAIS DA EMPRESA DE
FORMA REGULAR E CONÉCTASE COS SISTEMAS TIC
SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA
EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2012- 2013**


O teletraballo ten pouca relevancia entre os autónomos/as galegos e só un 2,4% traballan fóra dos locais habituais da empresa, conectándose de xeito regular á Rede a través dos sistemas TIC.



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



USO DE SOFTWARE LIBRE
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2012- 2013




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Un 39,6% dos autónomos/as galegos emprega Software Libre para a súa actividade empresarial.



Cloud computing

SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓ N XURÍDICA Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


As solucións de Cloud computing estase estendendo entre os autónomos/as galegos de xeito significativo.

Un 8,5% dos autónomos/as emprega Cloud Computing, con escasa diferenza respecto ao total das microempresas (9,7%) ou sociedades (11,1%).



Os autónomos/as galegos empregan as solucións de Cloud computing, principalmente para o almacenamento e o backup. Nestas dúas finalidades, as porcentaxes que rexistran os autónomos/as están por riba das sociedades.


**USO DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA**
Base: empresas que usan Cloud Computing



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



As barreiras que limitan o emprego das ferramentas de Cloud Computing por parte dos autónomos/as galegos son a falta de coñecemento das mesmas (72,8%) ou a percepción de que non son necesarias para o desenvolvemento do negocio (60,2%). Estas dificultades están presentes tamén no conxunto das microempresas.

BARREIRAS QUE DIFICULTAN O USO DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
 Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Envío e recepción de facturas electrónicas





Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Un 8,2% dos autónomos/as de Galicia recibe facturas en formato electrónico, tan só 1,7 puntos por baixo da media das microempresas. O envío de facturas electrónicas é practicamente inexistente, tanto entre os autónomos/as como nas microempresas en xeral.



ERP (Enterprise Resource Planning) e CRM (Customer Relation Management)




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

O emprego de ferramentas ERP e CRM está pouco estendida nas microempresas galegas e, especialmente, entre os autónomos/as.


Formación en TIC

FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA



ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Base: empresas que proporcionaron formación en TIC



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Só un 3,1% dos autónomos/as galegos proporcionaron actividades formativas en TIC. Esta formación está, principalmente, dirixida ao persoal usuario, fronte ao persoal especialista en TIC.


4.2. INTERNET E BANDA LARGA

Internet

Máis da metade dos traballadores /as autónomos/as de Galicia (54%) dispón de conexión a Internet contratada, experimentando un incremento de 10 puntos porcentuais no último ano.




CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Aínda que a contratación de Internet entre os autónomos/as galegos sitúase 30 puntos por baixo da porcentaxe que rexistran as sociedades, obsérvase, de novo, unha tendencia positiva xa que a fenda se reduciu en 4,3 puntos porcentuais no último ano.

ACCESO REMOTO AO CORREO ELECTRÓNICO,
DOCUMENTOS OU APLICACIÓNS DA EMPRESA, MEDIANTE
CONEXIÓN A INTERNET FIXA, SEN FÍOS OU MÓBIL
SEGUNDO CONDICIÓX XURÍDICA




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



Un 18,9% dos autónomos / as galegos dispón de acceso remoto ao correo electrónico, documentos ou aplicacións da empresa, mediante conexión a Internet fixa, sen fíos ou móbil, moi lonxe dos valores que acada este indicador nas sociedades.

Banda Larga

ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013
Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

O acceso á Rede é, maioritariamente, a través da banda larga, acadando o 94,1% dos traballadores /as que son persoas físicas e teñen conexión a Internet.



**ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013**
Base: empresas con conexión a Internet





Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

O acceso a banda larga a través do móbil experimentou un aumento moi relevante no ano 2013 (do 34,5% pasou a un 52,4%), aumentando así 17,9 puntos no último ano e superando a porcentaxe que rexistran as sociedades. Este dato é clave para calibrar a importancia da penetración desta tecnoloxía, mediante o uso de dispositivos portátiles ou teléfonos móbiles.

En relación á velocidade de conexión a Internet, os autónomos/as galegos disfrutan dunha velocidade media comprendida entre os 2 Mbps e os 10 Mbps (un 57,3%). A porcentaxe dos que teñen de 10 a 30 Mbps é incluso máis elevado (30,1%) que nas sociedades ou que no total de microempresas.

VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
Base: empresas con conexión a Internet






Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

A procura de información (94,9%) ou a utilización como plataforma de comunicación (76,8%) son os dous usos maioritarios de Internet que sinalan os autónomos/as galegos.

O uso de dispositivos portátiles para a conexión á Internet nos autónomos/as galegos é dun 8,2%. Dita conexión dáse a través de ordenadores portátiles nun 6,7% e de outros dispositivos como Smartphones nun 6,5%.




EMPREGO DE DISPOSITIVOS PORTÁTILES SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

Páxina web




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

A dispoñibilidade de páxina web entre os autónomos/as aumentou 2,6 puntos porcentuais no último ano e sitúase no 18,4%.

Non obstante, segue a ser necesario un impulso da visibilidade desde colectivo na Rede co fin de reducir a diferenza de máis de 20 puntos existentes coas formas societarias.



**SERVIZOS DISPONIBLES NA PÁXINA WEB
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA**
Base: empresas con conexión a Internet e páxina web



Os servizos máis destacados da páxina web dos autónomos/as son semellantes ao do resto das microempresas, sendo o máis frecuente a presentación da empresa.

Outros contidos habituais son as declaracións de política de intimidade ou certificacións relacionadas coa seguridade do sitio web e o acceso a catálogos de produtos ou listas de prezos.




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...)

REDES SOCIAIS
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013
 Base ano 2013: empresas con conexión a Internet
 Base ano 2012: total de empresas



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE



Importancia estratéxica das redes sociais
 para os autónomos/as galegos:
 Un 28,3% emprega as redes sociais,
 superando o valor que rexistran, tanto as
 formas societarias como a media global
 para as microempresas.

Durante o ano 2013, incrementouse en 19,9 puntos porcentuais a presenza dos autónomos/as nas redes sociais, mentres que, entre as sociedades, o incremento é soamente de 10 puntos porcentuais.

Outros medios sociais como os websites que permiten compartir contidos multimedia (Youtube, Flickr, Picassa, SlideShare, Instagram...) tamén se empregan en maior medida nos autónomos e autónomas galegos que comparativamente ao resto do microempresariado galego. Así, un 14,1% dos autónomos/as galegos utiliza estas redes sociais fronte ao 12,4% de media global para as microempresas.


En canto ao uso, de blogs para empresas ou microblogs (Twitter, Present-ly, Blogger, Typepad...) e as ferramentas para compartir coñecementos baseadas en Wiki, os autónomos/as galegos presentan un comportamento semellante ao resto de microempresas galegas.



Font
facili


EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


**USOS DE REDES SOCIAIS
SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA**
Base: empresas que usan redes sociais



Os principais usos das redes sociais para as persoas físicas son o desenvolvemento da propia imaxe da empresa ou dos produtos de mercado (17,2%), e para recibir ou enviar opinións de clientes, críticas, reseñas, preguntas, etc, nun 14,9%.

Un 28,3% dos autónomos/as galegos consideran útiles as redes sociais para o seu negocio fronte ao 22% das sociedades.


**UTILIDADE DOS MEDIOS SOCIAIS PARA O SEU NEGOCIO
SEGUNDO CONDICIÓX JURÍDICA**
Base: empresas que usan as redes sociais



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


4.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

COMPRAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013




No ano 2013, os autónomos/as incrementaron as compras e vendas a través do comercio electrónico.

Non obstante, esta fórmula de negocio está pouca estendida entre os autónomos/as e, en xeral, entre as microempresas galegas, de tal xeito, que as porcentaxes de microempresas e, en particular, de autónomos/as que venden a través da Rede sitúase por baixo do 3%

4.5. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET

**INTERACCIÓN COAS AA.PP.
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013**
Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


O uso de Internet para interactuar a coas diferentes Administracións Públicas reduciuse durante o ano 2013 nas persoas físicas, mentres que se incrementou entre as sociedades.

Un 55,2% dos autónomos, con conexión a Internet, interactuou coas Administracións Públicas no ano 2013.




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter información
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
 EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013
 Base: empresas con conexión a Internet




INTERACCIÓN COAS AA.PP. : Obter impresos ou formularios
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
 EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013
 Base: empresas con conexión a Internet



A interacción máis usual nos autónomos/as coas Administracións Públicas é a de obter información (45,4%). En segundo lugar figura a procura de impresos ou formularios (39,8%), e nun terceiro lugar a devolución de impresos cumprimentados a través de Internet (20,3%).

INTERACCIÓN COAS AA.PP. : Devolver impresos cumprimentados
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
 EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2013
 Base: empresas con conexión a Internet


Fonte: elaboración facilitados polo IGE



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

MOTIVACIÓNS PARA INTERACCIONAR COAS AA.PP. A TRAVÉS DE INTERNET

Base: empresas con conexión a Internet



As motivacións máis frecuentes para facer trámites coas Administracións a través de Internet segundo os propios autónomos/as son:
 A declaración de impostos a través de formato electrónico (30,6%) e as declaracións de contribucións á Seguridade social (20,9%).

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

5. CONCLUSIONES



▪ **Caracterización: 143.500 autónomos/as en Galicia.**

- Os autónomos/as galegos representan o 7,5% do total de autónomos/as de España.
- O perfil do traballador/a autónomo galego é o dun varón, de entre 40 e 54 anos. Non obstante, destaca a elevada porcentaxe de mulleres autónomas de Galicia (9,3 puntos por riba da media que se rexistra a nivel estatal)
- O sector Servizos é a principal actividade para máis da metade dos autónomos/as galegos (57,8%), aínda que cun peso importante da Agricultura (25,8%)

▪ **Incremento relevante da dispoñibilidade de ordenador (12 puntos) e do uso do correo electrónico (9,5 puntos) entre os autónomos/as.**

- Un 61,6% dos autónomos/as TIC galegos dispoñen de ordenador e máis da metade (51,3%) emprega o e-mail.
- Aínda que no último ano se reduciu a fenda entre os autónomos/as e as sociedades en 6,5 puntos na dispoñibilidade de ordenador, os autónomos aínda se sitúan 26,2 puntos por baixo da media das formas societarias.

▪ **A Internet en mobilidade: unha tendencia tecnolóxica que despunta entre os autónomos/as.**

- Máis da metade dos autónomos/as galegos con conexión a Internet, accede a Internet a través de banda larga móbil, superando a porcentaxe que rexistran as sociedades
- O acceso a banda larga a través do móbil experimentou un aumento moi relevante no ano 2013 (17,9 puntos)
- Un 18,9% dos autónomos/as galegos dispón de acceso remoto ao correo electrónico, documentos ou aplicacións da empresa, mediante conexión a Internet fixa, sen fíos ou móbil.

▪ **O Cloud Computing comeza a estenderse entre os autónomos/as**

- A pesar da súa relativa novidade, un 8,5% dos autónomos/as galegos xa optaron pola xestión da información na Nube. A a súa implantación non está tan alonxada da acadada pola media xeral das microempresas (9,7%). Os principais usos do Cloud Computing son o almacenamento e o backup.

Conclusións II

- **Necesidade de mellora en: factura electrónica, ERP, CRM, e formación en tecnoloxías**
 - As aplicacións informáticas para a xestión empresarial teñen unha implantación baixa entre os autónomos/as galegos, rexistrando porcentaxes por baixo do 5% no envío de facturas electrónicas, ERP, CRM e formación en TICs.

- **Importancia estratéxica das redes sociais para os autónomos/as galegos**
 - Un 28,3% dos autónomos/as galegos emprega as redes sociais, superando o valor que rexistran, tanto as formas societarias como a media global das microempresas.
 - Un 14,1% dos autónomos/as galegos tamén empregan outros websites que permiten compartir contidos multimedia (Youtube, Flickr, Picassa, SlideShare, Instagram,..).

- **Comercio electrónico: Necesidade dun forte impulso na comercialización dos seus produtos**
 - O comercio electrónico presenta baixa implantación entre os autónomos/as galegos: Un 7,3% compra a través da Rede e só un 1,3% vende os seus produtos na Rede .

